



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xullo 2020


Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) registrou en xullo de 2020 un retroceso do 10,6% con respecto a xullo de 2019, mentres que a nivel nacional a caída foi do 6,4%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, todos eles decreceron: os bens de consumo un 10,2%, os bens equipo un 18,1% e os intermedios un 4,7%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 7,8%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “fabricación de produtos metálicos” que resta 6,5 puntos, a “industria do papel” que detrae 1,3 puntos, e a “fabricación de bebidas” que resta 1,3 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións positivas, (3,0 puntos de 9 ramas), destacan a “fabricación de vehículos de motor” que achega 1,5 puntos e “outras industrias extractivas” que achega 0,6 puntos.

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xullo de 2020 en Galicia acadou unha taxa interanual negativa do 10,6%, empeorando en 0,9 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-9,7%). En España rexistrouse un decrecemento do 6,4%, mellorando en 1,3 puntos a taxa acadada no mes anterior (-14,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 10,2%, o que detrae 2,8 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 18,1%, o que minora 5,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** decrecen un 4,7%, cunha repercusión negativa de 1,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 7,8% e resta 1,2 puntos á taxa de variación interanual.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de xuño foron: a “fabricación de produtos metálicos” que resta 6,5 puntos, a “industria do papel” que detrae 1,3 puntos, e a “fabricación de bebidas” que resta 1,3 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas, (3,0 puntos de 9 ramas), destacan a “fabricación de vehículos de motor” que achega 1,5 puntos e “outras industrias extractivas” que achega 0,6 puntos.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -24,2% de Balears e o -0,1% de Castilla y León. Agás a devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Murcia (-1,5%), Extremadura (-2,0%), Comunitat Valenciana (-2,5%), Madrid (-3,8%) e Cantabria (-5,7%).

IPI xullo 2020


Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores descensos rexístranse en Illes Balears (-24,0%), País Vasco (-16,7%) e Asturias (-16,5%). A menor caída prodúcese en Murcia (-4,2%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de producción industrial. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	101,2	-10,6	-14,3	--	--
Bens de consumo	121,1	-10,2	-17,1	-2,8	-4,3
Bens de equipo	105,1	-18,1	-20,2	-5,3	-5,2
Bens intermedios	121,2	-4,7	-13,4	-1,3	-3,8
Enerxía	61,0	-7,8	-4,5	-1,2	-0,9
España					
Xeral	107,3	-6,4	-13,6	--	--
Bens de consumo	107,0	-3,9	-9,7	-1,0	-2,4
Bens de equipo	108,2	-12,1	-22,1	-2,9	-5,3
Bens intermedios	109,1	-5,0	-13,4	-1,5	-4,2
Enerxía	104,4	-5,0	-8,5	-1,0	-1,7

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade . Galicia. Xullo 2020

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-10,6		-14,3		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	12,4	1,5	-10,5	-1,2	13,1
Outras industrias extractivas	40,6	0,6	0,9	0,0	1,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3,4	0,3	2,6	0,4	22,3
Industria téxtil	24,8	0,1	-15,7	-0,1	0,6
Industria química	7,8	0,1	-9,5	-0,2	1,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	1,9	0,0	-12,9	-0,2	1,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	0,2	0,0	-15,3	-0,4	2,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-1,9	-0,1	-12,8	-0,4	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-2,0	-0,1	-20,9	-0,9	3,6
Outras industrias manufactureiras	-15,0	-0,1	-22,2	-0,1	0,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-7,3	-0,2	-22,9	-0,6	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-8,1	-0,2	-15,4	-0,4	2,0
Fabricación de mobles	-15,8	-0,2	-23,5	-0,3	1,1
Fabricación doutro material de transporte	-18,3	-0,3	-41,1	-0,8	2,0
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-7,0	-0,3	-7,7	-0,4	5,1
Industria da alimentación	-3,1	-0,4	-4,1	-0,6	13,2
Confección de roupa de vestir	-12,8	-0,7	-33,7	-1,6	4,1
Fabricación de bebidas	-23,4	-1,3	-37,2	-1,6	3,5
Industria do papel	-51,7	-1,3	-9,8	-0,2	2,2
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-46,1	-6,5	-29,8	-3,1	7,7
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xullo 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	107,3	-6,4	-13,6
Galicia	101,2	-10,6	-14,3
Andalucía	104,7	-6,7	-15,2
Aragón	108,4	-7,3	-16,1
Asturias	89,5	-14,7	-16,5
Baleares (Illes)	81,1	-24,2	-24,0
Canarias	88,3	-15,9	-11,9
Cantabria	106,1	-5,7	-15,5
Castilla - La Mancha	104,7	-7,0	-12,1
Castilla y León	99,8	-0,1	-15,4
Cataluña	108,0	-6,5	-14,2
Comunitat Valenciana	115,7	-2,5	-11,7
Extremadura	102,2	-2,0	-11,6
Madrid	113,2	-3,8	-10,5
Murcia	139,5	-1,5	-4,2
Navarra	98,5	-12,5	-13,3
País Vasco	107,1	-8,8	-16,7
Rioja (La)	81,9	-18,4	-16,2

Fonte: INE